

RELATA AQUÍ A TÚA EXPERIENCIA

É evidente que a miña personalidade non se conformou en lingua galega, aragonés como eu son. Na miña terra, fálanse tres linguas: o aragonés (nos Pirineos), o catalán na terra de fronteira (que nós chamamos “Franxa” e os cataláns chaman “Franxa de ponent”, e o castelán.

O noso Estatuto reflexa agora a cooficialidade das tres linguas nas zonas nas que se falan. Eu son só “castelanfalante”, pero sempre amosei un grande interese por aprender os alazets do aragonés e catalán, como parte das miñas raíces aragonesas.

Do mesmo modo que para min é importante saber falar o inglés e o francés, as linguas (en plural) ensínannos a convivir. Por iso dende a miña chegada a Galicia quixen aprender a falar galego.

Atópome, hoxe case tres anos despois, nunha situación na que podo escoitar sen problemas, e mesmo falar, aínda en “castrapo”. Pero gústame e pido á xente que me fale en galego se se sinte máis cómoda.

Eu, se vexo que podo, fálolles tamén en galego, ou en “castegalego”, mais polo menos o intento. Penso que sempre é mellor trabucarse que non facelo por quedarse coa boquiña calada.

E iso é o que fixen o derradeiro oito de maio. Seguro que do galego que falei, trabuqueime moitas veces. Outras tiven que dicir algunha palabra en castelán, pois esquecíame da galega. Pero a xente valora o esforzo.

E loxicamente unha lección que aprendín, é que como para todo na vida, para chegar a ser un bon galegofalante, só se chega falando en galego.

Luis Negro